



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO

Segundo a **Orde do 28 de Maio de 2014** ábrese o prazo para presentar a solicitud de bolsas de axuda para a adquisición de libros de texto; establecendo como **OBRIGA** para as persoas beneficiarias a **incorporación dos libros a un fondo solidario que permita a súa reutilización nos seguintes cursos académicos** (bancos de libros).

DESTINATARIOS:

- Alumnado matriculado no **curso 2014/2015** en tódolos cursos de **Educación Primaria (sempre e cando non repita curso, agás os de 1º e 2º curso de Primaria)**.
- Ter unha renda per cápita familiar **igual ou inferior a 9.000 euros**.
- As instancias poderanse obter no centro, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación ou a través do enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>
- As solicitudes presentaranse na secretaría deste centro (unha por cada alumno/a matriculado) **dende o 2 de xuño ao 2 de xullo, de Luns a Venres de 10.30h a 13.30h**.

NOTA: non se recollerá documentación o día 20 de xuño.

- Xunto coa solicitude presentárase a seguinte documentación:
 - ↗ **Fotocopia do libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar, no caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día de 31 de decembro de 2012 non coincide coa reflectida no libro deberá presentar tamén: Sentenza xudicial de separación ou divorcio e / ou convenio regulador no que conste a custodia do causante.
 - ↗ Certificado de convivencia expedido polo Concello, se é o caso.
 - ↗ Informe dos servizos sociais que acredite a situación familiar.
 - ♦ No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar, fotocopia compulsada do **certificado de minusvalía** (porcentaxe igual ou superior ao 33%), certificado da Seguridade Social de **pensión de incapacidade** e documentación acreditativa da condición de **pensionista** de clases pasivas.

RENDA PER CÁPITA:

Enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar (pais, fillos menores, fillos maiores con discapacidade e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio a 31 de decembro de 2012).

Computarán por dous aqueles membros en primeiro grao do alumno/a solicitante, incluído o propio alumno/a e os seus irmáns, cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Nesta convocatoria **terase en conta o exercicio fiscal do ano 2012 (a suma dos recadros 455 e 465 dividido entre o número de membros da familia).**

No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor co alumno/a , deberá acreditarse dita circunstancia.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe, de ser o caso.

ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

Unha vez que o centro valide a solicitude faralle entrega aos pais dun vale co que poderán adquirir os libros en calquera establecemento polo importe máximo que figure no documento.

Vila de Cruces, 2 de Xuño de 2014

Equipo Directivo